

CONTA PENDENTE

Alí fun o primeiro día despois de... Porque na derradeira esas pequenas cousas son as verdadeiramente importantes. Fun cumprir con esa conta pendente. Tratábase de algo que nunca deixara de facer ata este ano. Cando cheguei nin se inmutou. Limitouse a rir a conta da miña máscara facial. Nada preguntou e ningunha explicación pediu. Mais cando apertei a súa man coa miña, si, reaccionou facendo o mesmo. Son os ouvidos que oen sen escoitar, que escoitan sen entender. Son os ollos que miran sen ver e, aínda así, perdidos nalgún punto indefinible do espazo, amosan ás veces un aquel de inquietude, coma se buscasen un pasado que alguén borrou inxustamente da súa memoria. Fíxeno, como correspondía, como ela ao cabo merece. Porque, nestes tempos estraños que toca vivir, quedara coma una obriga incumprida. E precisamente foi agora, que ela non o pode botar de menos, cando máis sentín a necesidade de facelo. E si, neste primeiro día despois –mesmo parece un cambio de época– cumprín co que non puidera facer, como é de lei, o primeiro domingo de maio: darlle un beixo á miña nai.